

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CBHOT02	Aloxamento e lavandería	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3093	Lavado e secado de roupa	2018/2019	3	117	117

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JORGE FERNÁNDEZ GUERRA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título profesional básico en Aloxamento e Lavandaría consiste en realizar con autonomía a limpeza e posta a punto das habitacións en aloxamentos turísticos ou doutra índole, e das súas áreas comúns, coidando o bo estado das instalacións e da moblaxe, así como realizar as operacións de clasificación, lavado e limpeza de artigos téxtiles en instalacións industriais, asistindo nos procesos de servizo e atención á clientela, seguindo os protocolos de calidade establecidos, cumprindo as normas de hixiene, prevención de riscos laborais e protección ambiental, con responsabilidade e iniciativa persoal e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Determinación dos procesos de lavandaría e limpeza de roupa	Principais procesos de limpeza e lavandaría.	10	15
2	Preparación de máquinas	As principais máquinas nos procesos de limpeza e lavandaría.	20	15
3	Lavado de roupa	Procesos básicos no lavado de roupa.	40	30
4	Secado de roupa	Procesos básicos no secado de roupa.	40	30
5	Iniciativa emprendedora nos labores de lavado e secado de roupa	Iniciativas, creatividade e motivación nos labores de lavado e secado de roupa.	7	10



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Determinación dos procesos de lavandaría e limpeza de roupa	10

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina o proceso de limpeza, en relación coa natureza das manchas e dos tecidos que cumpra limpar	SI
RA2 - Prepara a máquina de lavado acuoso ou en seco e a de secado, tendo en conta a relación entre as variables seleccionadas e as características dos artigos que cumpra limpar	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Marcáronse os materiais coa súa correspondente etiquetaxe
CA1.2 Identificouse a composición do tecido que cumpra limpar
CA1.3 Descríbóronse as principais propiedades das fibras téxtiles relacionadas co seu lavado e o seu secado
CA1.4 Identifícanse os tipos de símbolos de conservación de produtos téxtiles
CA1.5 Obtívose a información necesaria sobre o artigo que se vaia limpar indicada por fábrica acerca da súa composición e das condicións óptimas para o seu lavado
CA1.6 Determinouse a conveniencia de aplicar un lavado acuoso ou en seco
CA1.7 Descríbóronse os programas de lavado e as súas características
CA1.8 Identificouse a natureza dos tipos de manchas e a súa forma de eliminación
CA1.9 Clasifícanse as substancias de aplicación anterior á eliminación da mancha
CA1.10 Valorouse a eficacia dos recursos e a redución dos residuos á hora de determinar o proceso de limpeza
CA2.1 Agrupáronse as pezas da maneira o máis homoxénea posible, para mellorar os procesos de lavado acuoso ou en seco
CA2.8 Determináronse os elementos funxibles dos equipamentos e ensaiouse a súa montaxe e a súa desmontaxe

4.1.e) Contidos

Contidos
Tarefas e procesos básicos de lavandaría.
Lavandaría industriais e de proximidade.
Organización, estrutura e áreas de traballo nos centros de traballo de limpeza de roupa.
Produtos químicos e substancias utilizables no proceso de eliminación de manchas e/ou para a eliminación local de manchas. Produtos puros e comerciais.
Normativa relativa a conservación, almacenamento, manipulación e información técnica de produtos utilizados na limpeza de roupa.



Contidos

Relación entre a natureza da mancha, a composición da peza e o produto de limpeza que se utilice.

Procedementos específicos de eliminación de manchas.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Preparación de máquinas	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina o proceso de limpeza, en relación coa natureza das manchas e dos tecidos que cumpra limpar	NO
RA2 - Prepara a máquina de lavado acuoso ou en seco e a de secado, tendo en conta a relación entre as variables seleccionadas e as características dos artigos que cumpra limpar	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Determinouse a conveniencia de aplicar un lavado acuoso ou en seco
CA1.7 Descríronse os programas de lavado e as súas características
CA1.10 Valorouse a eficacia dos recursos e a redución dos residuos á hora de determinar o proceso de limpeza
CA2.2 Identifícanse os dispositivos das máquinas e os seus sistemas de control
CA2.3 Configúranse os parámetros modificables de lavado e secado permitidos polas máquinas, axustándoos ás condicións de limpeza das pezas que cumpra tratar
CA2.4 Seleccionouse o programa de lavado máis adecuado, de entre os preestablecidos na máquina, para as pezas que cumpra tratar
CA2.5 Comprobouse o estado de limpeza da máquina antes de iniciar o proceso de lavado e secado
CA2.6 Realizouse a lubrificación, a limpeza e o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos e das ferramentas
CA2.7 Levouse a cabo o axuste e o reaxuste dos equipamentos, dos accesorios e das ferramentas en función da operación que cumpra executar
CA2.8 Determináronse os elementos funxibles dos equipamentos e ensaiouse a súa montaxe e a súa desmontaxe
CA2.9 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais na preparación de máquinas

4.2.e) Contidos

Contidos
Máquinas de lavar en seco e en húmido, e túneles de lavado: mantemento de primeiro nivel.
Programas de lavado e aplicación segundo o tipo de pezas e sucidade.
Máquinas de secar: mantemento de primeiro nivel.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Lavado de roupa	40

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina o proceso de limpeza, en relación coa natureza das manchas e dos tecidos que cumpra limpar	NO
RA2 - Prepara a máquina de lavado acuoso ou en seco e a de secado, tendo en conta a relación entre as variables seleccionadas e as características dos artigos que cumpra limpar	NO
RA3 - Opera coas máquinas de lavado valorando a acción dos produtos químicos	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Determinouse a conveniencia de aplicar un lavado acuoso ou en seco
CA1.7 Descríbóronse os programas de lavado e as súas características
CA2.1 Agrupáronse as pezas da maneira o máis homoxénea posible, para mellorar os procesos de lavado acuoso ou en seco
CA3.1 Identificáronse os produtos químicos de lavado e as súas aplicacións
CA3.2 Interpretáronse os símbolos de conservación, manipulación e riscos nas etiquetas dos produtos químicos
CA3.3 Seguíronse as normas de seguridade e ambientais na manipulación dos produtos
CA3.4 Elixíronse os produtos químicos axeitados e a súa dosificación para cada partida concreta de pezas que se vaian tratar
CA3.5 Aplicáronse criterios de redución do consumo de auga, enerxía e produtos químicos
CA3.6 Comprobouse que o proceso de lavado a máquina se estea a realizar con normalidade, dentro da programación efectuada
CA3.7 Modificouse ou detívose o proceso en caso de que detectar fallos operativos na máquina ou no proceso de lavado predeterminado
CA3.8 Identificouse o impacto ambiental da operación de lavado
CA3.9 Comprobouse que a limpeza conseguida en cada peza cumpra os parámetros de calidade exixibles e, de ser o caso, separáronse as pezas que deban lavarse novamente
CA3.10 Aplicáronse as normas de seguridade no manexo das máquinas de lavado

4.3.e) Contidos

Contidos
Calidade da auga: natureza; aspecto, dureza e alcalinidade; concepto elemental de Ph; materias orgánicas e impurezas.
Tratamentos da auga.
Características xerais do lavado acuoso e do seco.
Fases do proceso de lavado: humectación, prelavado, branqueamento, aclarado e suavizado.



Contidos

Produtos de lavado: disolventes, deterxentes, secuestrantes, neutralizantes, suavizantes, etc.

Normativa relativa a conservación, almacenamento, manipulación e información técnica de produtos utilizados no lavado acuoso e seco.

Normas de seguridade e impacto ambiental do lavado de roupa.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Secado de roupa	40

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Opera coas máquinas de secado e xustifica os parámetros seleccionados	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Valorouse a escorredura como paso previo ao secado
CA4.2 Identifícaronse os parámetros que cumpra controlar no secado (temperatura, tempos de inversión, arrefriamento do aire, etc.)
CA4.3 Descríbíronse as condicións de secado máis axeitadas para cada tipo de artigo téxtil
CA4.4 Descríbíronse os procedementos de non aceptación da roupa secada
CA4.5 Valorouse a conveniencia ou non do secado da roupa
CA4.6 Conseguiuse o grao de humidade desexado na roupa, evitando danos nesta
CA4.7 Aplicáronse criterios de redución do consumo de enerxía
CA4.8 Comprobouse que o proceso de secado a máquina se estea a realizar con normalidade e, de ser o caso, aplicáronse as correccións necesarias
CA4.9 Aplicáronse as normas de seguridade no manexo das máquinas de secado

4.4.e) Contidos

Contidos
Características xerais do proceso de secado.
Fases do proceso de secado.
Normas de seguridade e de redución do uso de enerxía no secado.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Iniciativa emprendedora nos labores de lavado e secado de roupa	7

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados dos labores de lavado e secado de roupa	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Caracterízase o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para os labores de lavado e secado de roupa
CA5.2 Valórase a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito nos labores de lavado e secado de roupa
CA5.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada cos labores de lavado e secado de roupa

4.5.e) Contidos

Contidos
A persoa emprendedora nos labores de lavado e secado de roupa.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación nos labores de lavado e secado de roupa.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada cos labores de lavado e secado de roupa.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe. Este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas, tendo en conta os seguintes criterios:

Realizaremos (para os contidos conceptuais fundamentalmente) probas escritas e/ou orais que, en función da materia a avaliar poderán ser de diverso tipo. test, preguntas breves, casos prácticos..., e todos aqueles aspectos conceptuais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. No caso de ter varias probas será a media aritmética das notas obtidas a que nos dará a cualificación final neste apartado. Suporán un 20% da cualificación final do módulo.

As actividades, traballos, casos prácticos e exercicios individuais e/ou en grupo serviránnos para avaliar procedementos; Traballos individuais e grupais nos que se valora a estrutura e dominio de contidos, dinámica de traballo, exposición (se é o caso) e utilización de recursos, habilidades e destrezas, e todos aqueles aspectos procedementais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Suporán un 40% da cualificación do módulo.

Formarán parte da cualificación ademais a presentación e o interese/traballo en equipo (cualificacións cualitativas e que formarán parte da avaliación de actitudes). Valorarase a puntualidade, á asistencia ás clases, unha actitude de respecto tanto de cara ao profesorado coma os compañeiros/as, receptividade, así como a iniciativa, o interese, a presentación axeitada dos distintos materiais solicitados, a participación e o traballo en equipo dos alumnos/as, a uniformidade e coidado da imaxe persoal, e todos aqueles aspectos actitudinais recollidos nos criterios de avaliación do módulo.

Dado o carácter fundamentalmente práctico do módulo, dicir que en ningún caso superarán a avaliación aqueles alumnos/as que a súa cualificación neste apartado sexa negativa ou inferior a 5. A asistencia á clase suporá un 40% da cualificación final do módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No suposto de que se pase de curso con este módulo pendente, o alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario.

O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, seránlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados. En ambos casos realizarase un informe de avaliación individualizado. (MD.75.AVA.01 do procedemento de Avaliación PR.75.AVA.01)

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado de FP básica, segundo o disposto na Orde do 5 de agosto de 2014, non ten perda de dereito a avaliación continua, polo que se acuerda que as faltas de asistencia poderán ser consideradas na cualificación do mesmo; establecendo, con carácter xeral, o seguinte:

1- Para aquel alumnado que supere o 15 % de faltas de asistencia de xeito continuado a un determinado módulo, con respecto a duración total do mesmo:

Outorgarlle unha cualificación final cun peso diferente ao do resto do alumnado, sendo este peso dun 30 % menos sobre a cualificación final

obtida.
Non se contemplará para este alumnado a realización de probas parciais, debendo de realizar unha única proba final teórico-práctica baseada norealizado, segundo programación, ao longo do curso. Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo una puntuación de 5 puntos.

2- Para aquel alumnado no que a súa falta de asistencia non supere o 5% de horas do módulo por trimestre descontaráselle na avaliación parcial de módulos, no apartado correspondente á cualificación actitudinal, ata un total de 0,5 puntos; podendo seguir sendo avaliado de forma parcial ao longo do curso, sempre e cando non incorra no establecido no apartado 1.

Terase en conta, para este segundo caso que, a pesares de que o alumno ou alumna supere o 15 % total de faltas de asistencia do módulo ao final do curso, se esta ausencia non se produce de xeito continuado e se mantén dentro dun limite razoable, non se aplicará o sinalado no apartado 1

En todo caso cada docente, na súa programación de módulo, establecerá as concrecións que considere oportunas, sempre dentro do establecido no Regulamento de Réxime Interior (RRI) e sen que implique unha desviación significativa ao respecto do indicado neste acordo xeral do equipo docente.

O alumnado será informado dos criterios de avaliación e cualificación, ao inicio de curso e en todo caso, tan pronto como se produza calquera variación do desenvolvemento da programación fixada para cada materia e nivel/curso, conforme ao establecido na correspondente orde de calendario escolar e /ou outras instrucións e normativa vixentes en materia de avaliación dos módulos de ciclos de Formación Profesional Básica.

As faltas de asistencia deberán ser igualmente comunicadas ao seu pai, nai ou titor/a legal, de ser o caso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

Para o seguimento mensual utilizaráse o modelo MD.75.PRO.03 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01 que se entregará a xefatura de departamento, xa que dito seguimento e revisión deberá constar nas correspondentes actas de departamento.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso. MD.75.PRO.04 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28:

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de

cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Para este módulo pasarase durante a segunda quincena do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas.

Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15. De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:

Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispoñen sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiáns do seu emprego.

Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.

Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo



(aula, material informático,talleres,...)

Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico e práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non se contemplan.

10.Outros apartados

10.1) NECESIDADES

Débense resaltar varios aspectos que considero moi importantes e que a Consellería de Educación debера ter en conta no desenvolvemento da F. P. Básica. Quero deixar ben claro que se trata en todo caso dunha crítica construtiva a ter en conta, un curso máis, para mellorar o xerme da futura F.P. de Galicia e que non debemos dilatar no tempo:

- 1 - Este alumnado de FPB, coas características propias que todos coñecemos, non debера nunca cursar os seus estudos en dous centros. A motivación por acadar o éxito escolar, a asistencia á clase, mesmo a relación entre os docentes de ámbolos dous centros se ve mermada de xeito extraordinario. Nunca de deberan ver "distintos" ó resto de alumnado que cursa unha F.P.
- 2 - Igualmente, o feito de non dispor dunha aula teórica propia no centro onde se imparten as clases prácticas, fai que o propio alumnado pregunte o motivo ou motivos, non sentíndose parte dun centro que queren que forme parte da súa vida de estudante. Isto crea desarraigo e rechazo cara un sistema que xa os veu "fracasar" sendo grande parte deses alumnos, moi boas persoas primeiro e bos estudantes despois, con gañas de demostrar a súa capacidade e gañas de loita. (Neste curso 2018/19 se mellora este aspecto xa que o grupo dispón dunha aula para as clases teóricas. Xa só queda que se impartan os módulos comúns no noso centro.)
- 3 - Despois de máis dun mes de curso non se realizou a avaliación inicial TOTALMENTE NECESARIA co resto do equipo docente derivado de que non hai unha hora común a todo o profesorado na que se poida realizar.
- 4 - Tratarase de cumprir a programación na medida do posible pero terase coma prioridade traballar con este alumnado diversos aspectos para superar o seu interiorizado "fracaso escolar": de apoio no seu entorno social e familiar, moito traballo en facetas básicas coma desenvolvemento persoal, a participación en tarefas de grupo, de aceptación dos compañeiros tal e como son para rematar por aceptarse a sí mesmos, de sentirse alumno dunha especialidade de FP que, anque non era a elección prioritaria, lles permitirá acadar un futuro posto de traballo ou continuar estudos de nivel superior. En resumo, que a asistencia a clase sexa un alicerce, que cursar esta especialidade sexa un premio e non un castigo obrigatorio.